

PERMISOS DE PESCA FLUVIAL PARA O FOMENTO DO TURISMO

CAMPAÑA 2019

O Decreto 130/1997 de Ordenación da Pesca Fluvial en Galicia, establece que se poden reservar ata un 10% dos permisos de pesca para o fomento do turismo.

Con este fin Turismo de Galicia estableceu un procedemento para a solicitude e uso deses permisos, que se explica a continuación.

1. Turismo de Galicia envía un correo electrónico a todas as casas de turismo rural e outros establecementos hostaleiros rústicos, de montaña ou da natureza situados nos concellos onde existen cotos de pesca fluvial.
2. Os aloxamentos que o desexen, localizados todos no medio rural, responden sobre o seu interese nos cotos pesqueiros que se atopan dentro do seu concello.
3. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural establece o número de permisos que se poden solicitar en cada coto para fomento do turismo.
4. Finalmente os aloxamentos formulan a súa petición de permisos segundo os días concretos hábiles na tempada de pesca, e só para os cotos que lles interesen dentro do seu concello.

No caso dos cotos do río Ulla nos que houbo máis solicitudes de permisos que os que se poden conceder para o fomento do turismo, Turismo de Galicia organizou un sorteo entre os establecementos que os demandaban para a súa adxudicación en igualdade de condicións entre os interesados. Deste sorteo levantouse acta que se inclúe como anexo desta información.

Os pescadores que desexan obter estes permisos deben ser clientes aloxados nos establecementos turísticos que contan cos mesmos. A este fin, e para salvagardar a claridade do procedemento, Turismo de Galicia poderá cotejar que as facturas do establecemento – emitidas nominalmente – coincidan co nome do pescador que utilice os permisos.

Os establecementos que contan con permisos de pesca fluvial para a tempada 2019 son os que se sinalan no cadro seguinte:

A CORUÑA

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos
Casa de Sixto	Paderne	Mandeo	Betanzos	12
Casa Suárez	Vedra	Ulla	Ximonde	6
Pazo Cibrán	Vedra	Ulla	Ximonde	4
Pensión Pastoriza	Vimianzo	Grande	Baio	48
Casa Grande de Cornide	Teo	Ulla	Pontevea	3

LUGO

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos
Finca O Bizarro	Trabada	Eo	San Tirso	12
Lar de Vies	A Pontenova	Eo	A Pontenova	26
Casona de Labrada	A Pontenova	Eo	Vilarmide	62
			Xinzo	46
			Salmeán	59
			A Pontenova	46

OURENSE

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos
O Porto do Carro	A Veiga	Xares	A Veiga	30
Eido das Estrelas	A Veiga	Xares	A Veiga	10

PONTEVEDRA

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos
Casa Bravo	Pontevedra	Lérez	Monteporreiro	16
A Mimoseira	A Estrada	Ulla	Ximonde	11
A Casa da Botica	A Estrada	Ulla	Santeles	7
			Ximonde	10
Torres de Moreda	A Estrada	Ulla	Santeles	9
			Ximonde	9

[Acta da celebración do sorteo de permisos de pesca fluvial para fomento do turismo](#)